

POLÍTICA DA CALIDADE DA FORMACIÓN VIRTUAL

TAGEN ATA S. Coop. Galega (en adiante **TAGEN ATA**) é unha empresa dedicada á prestación de servizos de formación virtual.

Os piares da nosa estratexia empresarial son: a **satisfacción dos nosos clientes** e a **calidade de servizo prestado**, e neles sustentamos todas as decisións ao máis alto nivel na nosa organización. Para este fin, **TAGEN ATA** dispón dun Sistema de Calidade seguindo os criterios de calidade da Norma **UNE 66181** de Calidade da formación virtual.

Ademais, facemos dos seguintes **compromisos** as liñas mestras no desenvolvemento de políticas, usando todos os recursos necesarios:

- ✓ promover o mantemento dun Sistema de Xestión, segundo os requisitos da Norma UNE 66181 de xestión da calidade. Calidade da formación virtual.
- ✓ satisfacer todos os **requisitos do cliente**, así como os legais e regulamentarios vixentes, e todos aqueles requisitos distintos dos anteriores que a empresa subscriba.
- ✓ realizar o noso traballo dentro dun contorno que **garanta a mellora continua**, mediante o establecemento e revisións periódicas dos nosos obxectivos de mellora.
- ✓ **controlar de maneira eficiente todos os procesos** e os seus posibles efectos sobre a calidade dos nosos servizos.
- ✓ **dar mellor servizo, humano e económico ao cliente**, realizando medicións dos compromisos con el establecidos. Integrar en maior medida os subministradores, provedores, colaboradores e cooperativistas, enfocándoos cara aos servizos que prestan.

Desde a Dirección implícase ao persoal para colaborar no mantemento e mellora do sistema mediante a **continua formación e concienciación** nas súas respectivas áreas e invítase aos nosos provedores e contratadas a que fagan extensibles estes compromisos cando traballen para ou en nome de **TAGEN ATA**.

A Política difúndese a todo o persoal a través de seminarios de formación, e ponse a disposición nas nosas páxinas web (<http://www.tagenata.com> e <http://www.formacionenrede.com>). Desta forma, asegúrase que esta Política é coñecida e entendida por todo o persoal da empresa e as terceiras partes interesadas.

Aprobado en Narón, a 30 de xuño de 2015

Asinado dixitalmente TAGEN ATA S. Coop. Galega